

# ENTORNO ARQUEOLÓXICO DE MONTE PENIDE - REDONDELA - PONTEVEDRA



PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional de España



## DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Código GA: GA36045061

DENOMINACIÓN: Xacemento de Portocabeiro

UTM29 ETRS89: 529882 4678107

WGS84: -8.637730972 42.254590834



## TIPOLOXÍA DE ELEMENTO

TIPOLOGÍA: Asentamento ao aire libre

## DESCRIPCIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN

CONSERVACIÓN: Malo

Atopáronse, a ambos lados da estrada, varios fragmentos cerámicos lisos (en torno a 21), algún deles de clara adscrición prehistórica (Idade do Bronce?). Os achados afectan a un área lineal de aprox. de 40 m., ao O do campo de fútbol e non onde había unha referencia anterior (ALVAREZ GARCIA, M<sup>a</sup> C.- 1988 - ver bibliografía), con cerámicas de decoración campaniforme e lisas, que era xusto fronte ao recinto deportivo. Aínda así hai que salientar que os cortes actuais non puideron ser revisados de forma óptima xa que estaban moi cubertos de vexetación e musgo. Toda a zona ten un emprazamento idóneo para un hábitat prehistórico ao ar libre: zonas de socalcos orientadas ao S e a un curso de auga; ademais non se debe esquecer que están moi preto dos xacementos tumulares do Coto da Arca e Chan da Cruz.

ÁREA ARQUEOLÓXICA  
MONTE PENIDE PREHISTÓRICO

